

M. González González (2008): “Algunhas observacións sobre a evolución da lingua inicial en Galicia entre 1992 e 2004”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 469-478.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ALGUNHAS OBSERVACIÓNS SOBRE A EVOLUCIÓN DA LINGUA INICIAL EN GALICIA ENTRE 1992 E 2004

Manuel González González

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. Introducción

Este ano publicáronse os primeiros datos da actualización do *Mapa sociolingüístico de Galicia*, resultado das enquisas realizadas a finais do ano 2004. Estes datos refírense á lingua inicial e ao coñecemento lingüístico dos galegos¹.

A actualización do MSG-04 pretende, en primeiro lugar, ofrecer un panorama da situación do galego e do castelán no momento actual en todos os territorios de fala galega. A descrición desta situación ten unha finalidade fundamental: a de servir de base para a aplicación dunha planificación lingüística axeitada a esa realidade e efectiva para a normalización da lingua galega. Este estudo ofrece tamén unha evolución da situación da lingua galega nos doce anos que van entre o 2004 e o 1992, data na que se realizaron as enquisas para o *Mapa sociolingüístico de Galicia*, cuxos datos

1 González González, Manuel (dir.); Modesto A. Rodríguez Neira (coord.); A. Fernández Salgado; X. Loredó Gutiérrez; I. Suárez Fernández (2007): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. 1: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

2 Seminario de sociolingüística da Real Academia Galega (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. *Compendio do I volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

3 Seminario de sociolingüística da Real Academia Galega (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. *Compendio do II volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

fundamentais se publicaron nos tres volumes *Lingua inicial e coñecemento lingüístico en Galicia*², *Usos lingüísticos en Galicia*³ e *Actitudes lingüísticas en Galicia*⁴.

A publicación recente dos datos do MSG-04 produciu unha forte alarma social, como xa acontecera coa publicación dos do MSG-92, debido sobre todo á chamada de atención realizada por algunhas agrupacións culturais e sociais e á repercusión desta nos medios de comunicación de Galicia. Evidentemente, os datos son os que son, independentemente de quen os consulte, pero as conclusións que se tiran deles varían significativamente da análise que se faga.

Na evolución sufrida polo galego neste período producíronse algúns feitos negativos e algúns feitos positivos, pero teño a impresión de que se lles deu moito maior realce e moita máis difusión aos primeiros ca aos últimos.

A finalidade desta pequena contribución é sinalar algúns dos cambios, ao meu ver máis significativos, producidos na situación sociolingüística en Galicia entre o 1992 e o 2004, no que se refire á lingua inicial.

2. Diferenzas metodolóxicas entre MSG-92 e MSG-04

Algúns comentarios que se fixeron a partir da publicación do primeiro volume do MSG-04 incidían na imposibilidade de comparación entre os datos ofrecidos polo MSG-92 e os do MSG-04, porque o cuestionario non é exactamente o mesmo, porque o tamaño da mostra é diferente, porque a poboación estudada non é exactamente a mesma, e porque a atención prestada aos distintos estratos mostrais non é a mesma. Por iso, é conveniente ter en conta algunhas diferenzas entre ambos os estudos, entre as que quizais as máis significativas sexan as seguintes:

a) O tamaño da mostra: para o MSG-92 fixéronse 38.897 enquisas, cun erro máximo para cada grupo do 3%, e un nivel de confianza do 95%, mentres que para o MSG-04 se realizaron 9.714 enquisas, cun erro máximo para cada grupo do 3.3% (un 1.03% para os datos globais de Galicia), e un nivel de confianza do 95.5%.

b) O MSG-92 estudaba toda a poboación de Galicia maior de 16 anos; pola contra, o MSG-04 restrinxe o seu universo á poboación comprendida entre 15 a 54 anos. ¿Quere dicir isto que os datos non sexan comparables? De ningunha maneira, os datos son perfectamente comparables, pero hai que restrinxir a comparación ao sector de idade analizado entre ambos os estudos. Isto quere dicir fundamentalmente

4 Seminario de sociolingüística da Real Academia Galega (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia. Compendio do III volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

que para ver as tendencias evolutivas xerais hai que tomar, como punto de referencia, non o conxunto do universo estudado no MSG-92, senón o dos menores de 54 anos. Decidiuse restrinxir o ámbito etario, porque as medidas de planificación lingüística deben orientarse principalmente á poboación menor de 55 anos, xa que neste conxunto están comprendidos, por un lado, os pais, que son os principais responsables da transmisión lingüística, e, por outro lado, os mozos, que constitúen o grupo no que máis a miúdo se produce o cambio de lingua, motivado ben pola incorporación a novas redes sociais (por ex., ao ingresaren na Universidade) ou ben por motivos laborais (ao accederen a un posto de traballo que esixe máis ou menos taxativamente a utilización dunha lingua distinta da súa inicial).

c) O MSG-04 presta maior atención ás áreas urbanas e semiurbanas. A diferenza do tamaño da poboación urbana de 1992 e de 2004 obrigaron a facer os axustes necesarios no reparto da mostra. Por outra parte, de acordo coa evolución dos principais indicadores demográficos no MSG-04 préstaselles maior atención ás áreas urbanas e suburbanas, e no deseño da mostra estableceuse unha marxe de erro menor ca a dos restantes tipos de hábitat.

d) O MSG-92 ocupábase só da situación no interior da Comunidade Autónoma de Galicia; en cambio no MSG-04 tamén se estuda a situación nos territorios de fala galega de Asturias, León e Zamora.

e) No cuestionario do MSG-92 había unha serie de preguntas que resultaron pouco informativas ou redundantes, polo que se decidiu eliminalas do cuestionario do MSG-04. Tamén se introduciu algunha pequena modificación nas posibles respostas dalgunha pregunta para gañar en claridade e precisión.

f) Outro cambio importante afecta á lingua utilizada no cuestionario e na enquisa. No MSG-92 a única lingua utilizada era o galego, o que probablemente producía un pequeno nesgo nas respostas favorable ao galego, xa que o informante podía interpretar que o que se buscaba era primar dalgunha maneira a lingua galega. Para evitar isto, no MSG-04 ofrecíase ao enquisado a posibilidade de elección da lingua do cuestionario e da enquisa.

g) O MSG-04 investiga competencias tamén en castelán e linguas estranxeiras, mentres que o MSG-92 só se ocupaba da situación referida exclusivamente ao galego.

3. Datos máis relevantes na evolución da lingua inicial


Os resultados dos estudos de sociolingüística cuantitativa son moitas veces cuestionados, é unha desconfianza que normalmente xeran case todos os traballos de

base estatística. É verdade que as proxeccións estatísticas nunca teñen unha marxe de erro cero nin un nivel de confianza do cento por cento, pero é igualmente verdade que cando un estudo deste tipo está metodoloxicamente ben realizado ofrece uns resultados moi próximos aos da realidade, e non debemos perder de vista que nos feitos sociolingüísticos o máis importante non son as cifras precisas, senón o exame das tendencias que a análise destas cifras mostra.

3.1. A evolución da lingua inicial no conxunto da poboación comprendida entre 15 e 54 anos.

O primeiro dato preocupante que nos mostra o volume publicado do MSG-04 é o referido á lingua inicial en Galicia no conxunto da poboación comprendida entre 15 e 54 anos, xa que neste aspecto o castelán estalle a gañar claramente a batalla á lingua galega: un 56,8 % ten como primeira lingua única ou preferente o castelán, mentres que só o 35,7% ten o galego como primeira lingua única ou preferente.

E este é un problema importante para a lingua galega. Alguén pode pensar que hoxe nunha sociedade como a galega, cun bilingüismo social, non é demasiado importante a lingua inicial, porque se pode adquirir con posterioridade a outra lingua con certa facilidade. É máis, na maioría dos casos os habitantes de Galicia terán que adquirir tamén a outra lingua obrigadamente a través da escola. E iso é verdade. Pero tamén é igualmente verdade que o ámbito de adquisición da lingua non é indiferente, e que a adquisición da lingua de instalación das persoas realízase normalmente en todo o mundo no seo da familia. Este feito non só é importante por ser natural, senón porque ten implicacións de cara á elección da lingua de uso habitual no futuro: o MSG-92 mostrounos con toda claridade que o 94,8% dos que adquiriron o galego como primeira lingua utilizaban habitualmente a lingua galega de maiores; mentres que, por exemplo, só a utilizaban habitualmente o 7,9 dos que a aprenderan na escola.




Parece pois evidente a necesidade de tomar medidas e realizar esforzos para incrementar a transmisión da lingua galega dentro da familia, e, a poder ser, como primeira lingua.

Neste aspecto produciuse un preocupante retroceso na situación do galego entre o ano 1992 e o ano 2004, como pode observarse na gráfica seguinte, que nos ofrece unha comparación no sector de poboación entre 15 e 54 anos. A gráfica mostra un forte retroceso da adquisición do galego como primeira lingua na familia de maneira exclusiva (do 51,2 en 1992 pásase o 20,6 no 2004), un incremento notable dos que teñen o castelán de maneira exclusiva como lingua inicial (pásase do 13,6 ao 36,2), e un incremento menos importante, de 6,6 puntos, dos que adquiriron as dúas linguas na familia.

Parece que a tendencia, perfectamente comprensible por razóns de utilidade, é a que se vaia incrementando progresivamente a porcentaxe do grupo dos que adquiren as dúas linguas na familia de maneira máis ou menos simultánea, que é xa o maioritario neste momento, co 41 % da poboación.

As variables coas que presenta unha maior correlación a lingua inicial son: a lingua da nai, a lingua do pai, o hábitat de nacemento, o nivel educativo, e a idade. Os factores que menos favorecen o galego como lingua inicial dun habitante de Galicia serán, pois, que a nai non fale galego, que o pai non fale galego, que naza nunha zona urbana, que teña un nivel educativo alto, e que teña pouca idade.



Comparativa da lingua inicial no tramo 16-54 anos no MSG-92 e MSG-04

3.2. A lingua inicial nas sete cidades galegas


Como acabamos de ver, o nacer nunha cidade non favorece a adquisición do galego como lingua inicial. Pero a situación non é a mesma en todas as cidades de Galicia, e existen diferenzas notables dunhas a outras.

O primeiro dato relevante é o absoluto predominio do castelán como lingua inicial nas sete grandes cidades de Galicia, pero de maneira moi especial en Ferrol e en Vigo, cidades nas que a opción “só castelán” supera o 50% da poboación.

Ferrol resulta a cidade máis castelanizada en canto á lingua inicial, pois preto do 70% da poboación con idades comprendidas entre os 15 e os 54 anos aprendeu a falar só en castelán. Sumando as opcións ‘só castelán’ e ‘máis castelán’ obsérvase que a proporción de persoas que adquiriron de maneira única ou preferente o castelán ascende ao 84,5%. Séguela Vigo, onde o 54% declara que tivo como lingua inicial ‘só castelán’, e o 26,9% ‘máis castelán’; é dicir, o 80,9% da poboación adquiriu como lingua inicial o castelán de maneira única ou preferente. Aínda que nunha escala algo máis baixa, é tamén moi preocupante a situación da Coruña co 77,4% de persoas con castelán como lingua inicial preferente (o 41% de ‘só castelán’ e o 36,4% de ‘máis castelán’), e Pontevedra co 73,2% (o 45,4% de ‘só castelán’ e o 27,8% de ‘máis castelán’).

Pola contra, as maiores proporcións de galegofalantes iniciais sumando as opcións ‘só galego’ e ‘máis galego’ preséntanas: Lugo co 40% (o 23,1% de ‘só galego’ e o 16,9% de ‘máis galego’), Santiago co 35,1% (o 19,2% de ‘só galego’ e 15,9% de ‘máis galego’), e Ourense co 31% (o 13,9% ‘só galego’ e o 17,1% de ‘máis galego’).

En xeral, podemos dicir que a situación nas cidades é preocupante, xa que en todas elas, agás Lugo, máis do 60% da poboación comprendida entre os 15 e 54 anos tivo como lingua inicial exclusiva ou preferente o castelán. Situación grave, se temos en conta que as cidades posúen un peso poboacional xa predominante dentro do




territorio galego, e que tende a ser aínda maior en detrimento das zonas rurais. Pero, ademais é nas cidades onde se atopan os sectores máis dinámicos da sociedade, e a poboación e os modos de vida urbanos actúan en certa maneira como modelos para o resto do territorio galego, que tende a seguir mimeticamente os modos de comportamento urbanos.

3.3. Evolución da lingua inicial segundo o nivel educativo


Se examinamos a evolución da correlación existente entre a lingua inicial e o nivel educativo da poboación galega entre o ano 1992 e o 2004, axiña saltan á vista dous feitos:

1) un descenso notable en todos os niveis educativos dos que adquiriron unicamente o galego como lingua inicial e un incremento importante dos que adquiriron de maneira máis ou menos simultánea as dúas linguas (a non ser no grupo dos que teñen estudos universitarios), tal como pode verse se comparamos as dúas gráficas seguintes:


Lingua inicial segundo o nivel educativo no MSG-92 (26-54 anos)



Lingua inicial segundo o nivel educativo no MSG-04 (26-54 anos)




2) Un incremento moi significativo do peso global do castelán como lingua inicial neste período de tempo en todos os niveis educativos, pero especialmente marcado no grupo dos que cursaron estudos de bacharelato, tal como pode verse na seguinte gráfica, na que o valor 1 se correspondería co monolingüismo en castelán e o valor 3 co monolingüismo en galego. Polo tanto, canto maior sexa a aproximación ao 1 maior será o predominio do castelán, e canto maior sexa a aproximación ao 3 maior será o predominio do galego:



Evolución da lingua inicial, segundo a idade dos galegos entre 1992 e 2004

A comparación da evolución establécese unicamente na franxa de poboación comprendida entre os 15 e 54 anos e, como era de esperar, as porcentaxes máis elevadas de galegofalantes iniciais corresponden nos dous momentos (tanto no 1992 coma no 2004) ao sector de poboación de maior idade, neste caso ao comprendido na franxa de 45 a 54 anos.

O feito máis significativo, sen ningunha dúbida, apréciase no tramo de 15 a 24 anos, polo tanto no sector máis novo da poboación enquisada. Ata agora viña sendo unha constante que a medida que se descendía na idade, tamén se descendía na porcentaxe de falantes que tiñan o galego como lingua inicial. Pero esta tendencia parece que se corta, e detéctase, por primeira vez, unha ruptura da tendencia descendente. Este é un feito importante, que hai que seguir con detemento, porque de confirmarse sería un dos indicios máis importantes de recuperación da lingua galega.



4 Algunhas conclusións da análise da lingua inicial

1. O primeiro que cómpre salientar é o forte retroceso da transmisión primaria da lingua galega entre 1992 e 2004, que reclama a necesidade de adoptar con urxencia medidas de apoio á transmisión familiar da lingua galega, e non só porque a transmisión familiar é a maneira máis natural de adquisición dunha lingua, senón porque a adquisición da lingua dentro da familia implica unha probabilidade de uso habitual desa lingua no futuro moito maior que a que se dá cando unha lingua se adquire fóra do ámbito familiar.

2. Obsérvase un avance claro do monolingüismo inicial en castelán e do bilingüismo inicial: o grupo máis numeroso é xa o de bilingües iniciais (41%).

3. O incremento do monolingüismo inicial en castelán é especialmente importante nas cidades (sobre todo en Ferrol, Vigo e A Coruña). En realidade, na análise da totalidade dos datos en relación co hábitat, vese que na actualidade a adquisición inicial única ou preferente da lingua galega só é maioritaria entre os nados en localidades con menos de 10.000 habitantes e entre os residentes en localidades con menos de 5.000. Este é un feito preocupante pola perda de peso da poboación rural, e bota sombras sobre o porvir do galego.

4. Detéctase o posible inicio dunha tendencia esperanzadora que indica unha certa recuperación de falantes iniciais de galego no grupo de menor idade. Cumpriría seguir a súa evolución no futuro para confirmar se constitúe un principio de recuperación sostida do galego.

Bibliografía citada

- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.); Modesto A. RODRÍGUEZ NEIRA (coord.); A. FERNÁNDEZ SALGADO; X. LOREDO GUTIÉRREZ; I. SUÁREZ FERNÁNDEZ (2007): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. 1: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. Compendio do I volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1995): *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia. Compendio do III volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.